



**Resolución do 1 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para o profesorado e os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia durante o curso escolar 2020/2021.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala no seu artigo 1 que un dos principios e fins da educación debe ser o fomento e promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, incide na necesidade dunha continua e reflexiva adecuación do sistema educativo aos cambios que experimenta a nosa sociedade. A innovación e a investigación desenvolvidas nos centros educativos constitúen parte dun proceso de cambio necesario para a adaptación do noso sistema educativo aos retos da sociedade actual e un medio que propicia a mellora na calidade educativa.

No artigo 90 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, especifícase que as comunidades autónomas poderán recoñecer e premiar o labor didáctico ou de investigación de profesorado e centros, facilitando a difusión entre os distintos centros escolares dos traballos ou experiencias que mereceron ese recoñecemento pola súa calidade e esforzo. Nesta mesma liña, no artigo 105 establécese que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa, por medio dos incentivos económicos e profesionais correspondentes.

A emerxencia sanitaria vivida durante o curso 2019/20 supuxo a adaptación abrupta a un novo escenario educativo protagonizado pola interrupción da actividade lectiva presencial. O conxunto da comunidade educativa asumiu o reto de dar continuidade ao proceso de ensino-aprendizaxe de forma telemática ao mesmo tempo que procuraba minimizar o impacto deste cambio de escenario.

As prácticas innovadoras supoñen unha oportunidade para aplicar metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa propia aprendizaxe e que fomenten o traballo en equipo. Estas prácticas involucran varias disciplinas e promoven unha serie de melloras sostibles no tempo e aplicables noutros contextos educativos similares.

O obxectivo desta convocatoria é outorgar os premios educativos Innovagal a aqueles centros e docentes cunha traxectoria de compromiso coa innovación educativa ao desenvolver enfoques didácticos e/ou organizativos que buscan dar resposta ás necesidades do seu alumnado. Necesidades que varían en función do seu contexto sociocultural pero tamén en función dos cambios que, a nivel global, se están a experimentar na sociedade.





De acordo co anteriormente exposto,

RESOLVO:

### **Apartado 1. Obxecto**

Esta resolución ten por obxecto convocar os premios educativos Innovagal e establecer as súas bases de participación durante o curso escolar 2020/21.

### **Apartado 2. Destinatarios**

1. Centros docentes públicos dependentes desta consellería que oferten ensinanzas de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato.
2. Persoal docente funcionario de carreira que imparta ensinanzas de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato durante o vixente curso escolar nos centros docentes públicos citados no punto 1 deste apartado.

### **Apartado 3. Modalidades de participación**

#### **1. Modalidade *docente***

Docente cunha traxectoria de compromiso coa innovación educativa no desenvolvemento de iniciativas didácticas e/ou organizativas vinculadas cunha das catro submodalidades das establecidas no anexo I. O docente poderá incluír iniciativas dunha ou varias liñas da submodalidade pola que se presente.

#### **2. Modalidade *centro***

Centro docente cunha traxectoria de compromiso coa innovación educativa no desenvolvemento de iniciativas didácticas e/ou organizativas vinculadas cunha ou varias das liñas establecidas no anexo I, independentemente da submodalidade na que estean incluídas. Non se establecen submodalidades na modalidade *centro*.

### **Apartado 4. Categorias de participación**

Establécense dúas categorías de participación:

1. Categoría A: escolas de educación infantil, colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria e colexios de educación primaria.
2. Categoría B: centros públicos integrados e institutos de educación secundaria.





Na modalidade *docente*, a persoa participante seleccionará a categoría en función do centro no que imparta docencia no vixente curso escolar.

#### Apartado 5. Premios e dotación económica

- O importe total destinado para esta convocatoria será de 64.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.423A.640.1 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dos orzamentos de 2020.
- A distribución dos premios e os importes figuran na seguinte táboa:

Modalidade	Submodalidades	Categoría	Premio	Importe
Centro	Non se establecen	A	1º premio	10.000 €
			2º premio	6.000 €
			3º premio	3.000 €
			Mención de honra	1.000 €
		B	1º premio	10.000 €
			2º premio	6.000 €
			3º premio	3.000 €
			Mención de honra	1.000 €
Docente	1	A	1º premio	3.000 €
		B		3.000 €
	2	A		3.000 €
		B		3.000 €
	3	A		3.000 €
		B		3.000 €
	4	A		3.000 €
		B		3.000 €
Total				64.000 €

- Entre os premiados da modalidade *centro* a comisión poderá outorgar dúas mencións de honra, unha por cada categoría. Estas mencións están dirixidas ás propostas destacadas con estratexias innovadoras de adaptación da actividade lectiva a un escenario non presencial motivado pola COVID-19 no curso 2019/20. Cada mención de





honra contará cunha dotación económica de 1000 € que se sumará ao importe obtido polo premio correspondente (1º, 2º ou 3º).

4. A comisión poderá declarar deserto algún premio. Con carácter excepcional, e por acordo motivado, a comisión de selección poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto dos premiados.
5. Este premio é compatible coa concesión de calquera outro do que sexan beneficiarios os centros ou persoas participantes.

### **Apartado 6. Documentación**

Para participar nesta convocatoria en calquera das súas modalidades será necesaria a presentación da seguinte documentación:

1. Modelo de solicitude (anexo II).
2. Memoria descritiva.

A memoria redactarase en lingua galega, tipografía arial 11, entrelíñado 1,5 e ocupará unha extensión máxima de 25 páxinas numeradas incluídos anexos, se os houber. Debe contar cos seguintes apartados:

- a) Portada: modalidade e categoría de participación, código do centro, nome do centro, concello, provincia. Ademais, na modalidade *docente*: nome, DNI da persoa solicitante e submodalidade pola que se presenta.
- b) Índice paxinado.
- c) Xustificación: exposición de motivos que avalan a presentación aos premios.
- d) Contexto socioeducativo que xustifica o desenvolvemento das iniciativas innovadoras.
- e) Traxectoria do centro ou do/a docente, segundo a modalidade. Participación en programas e proxectos de innovación educativa dependentes desta consellería e premios de innovación educativa recibidos.
- f) Transcendencia: implicación da comunidade educativa (claustro, familias, concello, ONG, asociacións, etc).
- g) Descrición das prácticas innovadoras máis destacadas e cronoloxía do seu desenvolvemento. Estas iniciativas serán seleccionadas de acordo co establecido no apartado 3. Os centros que, ademais de optar aos premios, desexen optar á mención de honra describirán tamén as prácticas adaptadas á actividade lectiva non presencial obrigada pola emerxencia sanitaria da COVID-19 no curso 2019/20.
- h) Descrición dos cambios que, a nivel organizativo, pedagóxico e programático se adoptaron no centro e/ou na aula para o desenvolvemento das iniciativas innovadoras. Os centros que, ademais de optar aos premios, desexen optar á mención de honra describirán neste apartado todas as adaptacións realizadas





polo cambio de escenario da actividade lectiva presencial á non presencial durante a emerxencia sanitaria no curso 2019/20. Indicaranse tamén as perspectivas de mellora.

- i) Impacto: avaliación dos resultados obtidos trala implementación das iniciativas desenvolvidas especificando indicadores, instrumentos e conclusións.
  - j) Difusión e visibilidade: presenza pública nos medios de comunicación, nas redes sociais, publicacións, exposicións, etc.
3. Vídeo de presentación da candidatura. Duración máxima de 2 minutos e tamaño máximo de 100 Mb.
  4. No caso de que se inclúan imaxes de menores, aportarase unha certificación de que o centro conta con autorización para o uso desas imaxes asinada polo alumnado, a partir dos 14 anos, ou polas persoas representantes legais, no caso de alumnado cunha idade inferior. Este documento será asinado pola persoa responsable da dirección do centro.
  5. Só se deberá xuntar a documentación acreditativa dos premios obtidos que estivesen certificados por unha administración educativa distinta desta consellería.
  6. Só para a modalidade *docente*, será necesario cumprimentar a folia de autobarefacción dos méritos que se aleguen (anexo III).

### **Apartado 7. Prazo e lugar para a presentación das solicitudes e documentación**

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación abrangue desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na web da consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) ata o 5 de outubro de 2020.
2. As solicitudes e documentación dirixiranse á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).
3. O envío do vídeo realizarase exclusivamente a través do servizo Xuntarquivos, dentro do prazo establecido, ao enderezo electrónico [edu.innova@edu.xunta.gal](mailto:edu.innova@edu.xunta.gal).
4. Cada docente ou centro, segundo a modalidade, presentará unha única solicitude acorde ao establecido no apartado 3.





## **Apartado 8. Comisión de selección**

1. A comisión de selección estará formada por:
  - a) Presidencia: a persoa titular da subdirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou persoa en quen delegue.
  - b) Vogais: a persoa titular da subdirección xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue; as persoas responsables das xefaturas de servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, de Formación do Profesorado, e de Inclusión e Orientación Educativa; dúas persoas asesoras do servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, unha delas actuará como secretaria.
2. A presidencia poderá convocar ás reunións da comisión, con voz pero sen voto, ás persoas expertas que estime conveniente para o asesoramento da mesma.
3. Para a valoración das candidaturas a comisión de selección poderá requirir aos solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios, visitas ao centro e a defensa pública da súa memoria descritiva.
4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio.

## **Apartado 9. Criterios de valoración**

Para a valoración das candidaturas consideraranse os seguintes criterios:

### *1. Formación e programas, proxectos e premios de innovación educativa:*

- 1.1. Para a modalidade *docente* ata o curso 2019/20:
  - a) Formación recibida e impartida: ata 16 puntos.
  - b) Participación en programas e proxectos de innovación educativa desta consellería: ata 10 puntos.
  - c) Premios de innovación educativa de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola administración educativa correspondente: ata 4 puntos.

Só se valorarán a formación, a participación en programas e proxectos de innovación educativa e os premios relacionados coas prácticas innovadoras descritas no apartado 6.2.g. No caso da formación e a participación en programas e proxectos de innovación educativa só se valorarán se figuran no expediente de datos persoais.

- 1.2. Para a modalidade *centro* desde o curso 2014/15 ata o 2019/20:





- a) Desenvolvemento de Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP): ata 14 puntos.
- b) Participación en programas e proxectos de innovación educativa desta consellería: ata 10 puntos.
- c) Premios de innovación educativa de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola administración educativa correspondente: ata 6 puntos.

No caso dos premios de innovación educativa, valoraranse todos os relacionados coas prácticas innovadoras descritas no apartado 6.2.g.

## 2. *Carácter innovador*

- a) Desenvolvemento de iniciativas que buscan detectar e dar solucións ás necesidades propias da súa comunidade educativa: ata 15 puntos.
- b) Integración de metodoloxías innovadoras. Valoraranse todos aqueles aspectos que describan accións concretas e metodoloxías aplicadas: ata 15 puntos.

## 3. *Impacto na comunidade educativa*

- a) Indicadores que permiten valorar a mellora que se produciu no centro ou na aula como consecuencia do desenvolvemento das prácticas innovadoras: ata 15 puntos.
- b) Nivel de implicación dos membros do claustro e/ou demais integrantes da comunidade educativa (familias, institucións, concello, etc) e repercusión no contexto social próximo: ata 15 puntos.

4. *Transferibilidade* ou posibilidade de aplicación das prácticas a outros centros de características similares: ata 5 puntos.

5. *Difusión* das prácticas nos medios de comunicación, nas redes sociais, publicacións, exposicións, etc: ata 5 puntos.

Para outorgar as mencións de honra entre os centros gañadores valoraranse as estratexias de adaptación á situación de actividade lectiva non presencial motivada pola COVID-19 no curso 2019/20 en base aos criterios 2, 3, 4 e 5 que constan neste apartado 9 da convocatoria.

## **Apartado 10. Resolución**

- 1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos premios concedidos. Esta resolución provisional poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal>).
- 2. A partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional dos premios, abrirase un prazo de cinco días hábiles para presentar as alegacións ou reclamacións





ante a presidencia da comisión. O procedemento é o indicado no apartado 7.2 desta resolución.

3. Unha vez revisadas esas alegacións ou reclamacións, a comisión elevará a proposta definitiva de resolución dos premios concedidos ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen ditará resolución.
4. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva de concesión de premios que se publicará no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>.
5. O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de tres meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
6. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Apartado 11. Recoñecemento e certificación**

1. Na modalidade *centro*, os centros premiados nesta convocatoria recibirán o distintivo de “Centro educativo Innovagal” que se exporá en lugar visible no centro e figurará na súa páxina web e na documentación impresa. Esta certificación terá unha vixencia de catro cursos escolares desde a publicación da resolución definitiva.
2. Na modalidade *docente*, o profesorado premiado recibirá unha certificación de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.

### **Apartado 12. Pagamento dos premios**

O pagamento farase conforme ao seguinte procedemento:

1. Modalidade *centro*:
  - 1.1. As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento e no período correspondente ao exercicio económico 2020.
  - 1.2. O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación do centro nas prácticas innovadoras obxecto do premio.







- 1.3. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2020. A súa xustificación farase a través da contabilidade xeral do centro ata o 31 de xaneiro de 2021.
- 1.4. Os centros destinatarios dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

## 2. Modalidade *docente*:

- 2.1. As contías asignadas por estes premios serán transferidas a nome da persoa autora nun único pagamento e no período correspondente ao exercicio económico 2020. Para iso, a persoa gañadora debe presentar fotocopia do seu DNI e certificación bancaria dunha conta da súa titularidade.
- 2.2. Os premios están suxeitos a retención fiscal, de acordo co establecido no artigo 75.2º c) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo (BOE nº 78, do 31 de marzo).
- 2.3. As persoas destinatarias dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

## **Apartado 13. Difusión**

A presentación a esta convocatoria implicará o compromiso dos centros ou persoas premiadas na participación nas accións de difusión que se organicen, así como á cesión a favor da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dos dereitos de difusión dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento das prácticas innovadoras.

## **Apartado 14. Aceptación das bases**

A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases reguladoras.

## **Apartado 15. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional - coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.





2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a norma que a desenvolve, no propio formulario do anexo II e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.
3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.
4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López





## ANEXO I

### LIÑAS TEMÁTICAS

<b>SUBMODALIDADE 1: Deseño curricular e organización escolar</b>	
Liñas temáticas da submodalidade 1	Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial
	Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros
	Mellora na xestión dos centros que favoreza o desenvolvemento de iniciativas innovadoras
	Biblioteca escolar
<b>SUBMODALIDADE 2: Ámbito lingüístico e social</b>	
Liñas temáticas da submodalidade 2	Iniciativas no ámbito das humanidades e das ciencias sociais (arte, historia, filosofía, economía,...)
	Planificación estratéxica das linguas no centro. Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) e Tratamento Integrado das Linguas (TIL)
	Programas de plurilingüismo: accións e plans de promoción e desenvolvemento
<b>SUBMODALIDADE 3: Ámbito científico-tecnolóxico e matemático</b>	
Liñas temáticas da submodalidade 3	Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital
	Iniciativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñaría-matemáticas)
	Sustentabilidade e concienciación ambiental
<b>SUBMODALIDADE 4: Escola inclusiva</b>	
Liñas temáticas da submodalidade 4	Escola inclusiva e atención á diversidade
	Convivencia escolar, clima da aula e relacións coas familias
	Coeducación e educación para a igualdade





## ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>PREMIOS EDUCATIVOS INNOVAGAL</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	--------------------------------

<b>CATEGORÍA E MODALIDADE POLA QUE SE PRESENTA (marque o que corresponda)</b>					
<input type="radio"/> Categoría A	<input type="radio"/> Modalidade <i>centro</i>				
	<input type="radio"/> Modalidade <i>docente</i>	<input type="radio"/> Submodalidade 1	<input type="radio"/> Submodalidade 2	<input type="radio"/> Submodalidade 3	<input type="radio"/> Submodalidade 4
<input type="radio"/> Categoría B	<input type="radio"/> Modalidade <i>centro</i>				
	<input type="radio"/> Modalidade <i>docente</i>	<input type="radio"/> Submodalidade 1	<input type="radio"/> Submodalidade 2	<input type="radio"/> Submodalidade 3	<input type="radio"/> Submodalidade 4

<b>DATOS DO CENTRO</b>					
CENTRO EDUCATIVO			CÓDIGO DO CENTRO	CIF	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TIPO VÍA	NOME DA VÍA	NÚM		BLOQ	ANDAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR			
<input type="text"/>		<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

<b>PARA A MODALIDADE CENTRO - DATOS DA PERSOA DIRECTORA DO CENTRO</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

<b>PARA A MODALIDADE DOCENTE - DATOS DA PERSOA DOCENTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>
<input type="checkbox"/> Memoria descriptiva
<input type="checkbox"/> Certificación da autorización do uso das imaxes dos menores
<input type="checkbox"/> Vídeo presentación da candidatura. Enviarse a ligazón correspondente ao correo <a href="mailto:edu.innova@edu.xunta.gal">edu.innova@edu.xunta.gal</a> a través do servizo Xuntarquivos ( <a href="http://xuntarquivos.xunta.es/enviar-arquivos.html">http://xuntarquivos.xunta.es/enviar-arquivos.html</a> )
<input type="checkbox"/> Folla de autobareación na modalidade <i>docente</i> (anexo III)





**ANEXO II**  
(continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 1 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Empty box for signature

Lugar e data

	,		de		de	2020	
--	---	--	----	--	----	------	--

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa







Méritos	Puntuación por actividade	Puntuación total	Documentación xustificativa
<p>1.3. Participación en programas e proxectos de innovación educativa desta consellería, relacionados coas prácticas innovadoras descritas no apartado 6.2.g. e que figuren no expediente de datos persoais</p> <ul style="list-style-type: none"><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li></ul> <p>...</p>	<p>(0,5 puntos por cada proxecto como coordinador e 0,2 puntos por cada proxecto como participante)</p> <p>Ata 10 puntos</p>		
<p>1.4. Premios relacionados coas prácticas innovadoras descritas no apartado 6.2.g. de ámbito autonómico, nacional ou internacional e convocados polas administracións educativas correspondentes</p> <ul style="list-style-type: none"><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li><li>•</li></ul> <p>...</p>	<p>(0,5 puntos por premio. En participación conxunta dividirase a puntuación entre as persoas autoras)</p> <p>Ata 4 puntos</p>		Documento acreditativo de ter obtido os premios correspondentes expedido polas administracións educativas correspondentes
<b>Puntuación total</b>	<b>Ata 30 puntos</b>		

